

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE FEBREIRO DE 2017**

**LICENZAS  
FAVORABLES.-**

**LIC/463/2016.- ÁNGELES VARELA VÁZQUEZ.-** Conceder licenza para o proxecto de execución e modificado de básico para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Camiño de Guadalupe nº 43.

**LIC/753/2016.- ISABELLE MARIE PIERR KERDUDO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en rúa da Cañoteira nº 37.

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para o proxecto de execución e modificado de básico para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Camiño de Guadalupe nº 43. LIC/463/2016.**

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en rúa da Cañoteira nº 37. LIC/753/2016.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á modificación do acordo número 20 da sesión de 5.8.16, de aceptación dunha subvención para "ECORURAL SANTIAGO".** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á modificación do acordo número 6 da sesión de 26.8.16, de aceptación dunha subvención para "ECOTUR XUVENIL II".** Apróbase a proposta.

**5.- Aprobación do proxecto de orzamento e cadro de persoal do Concello para 2017.** Apróbase a proposta.

**6.- Dar conta do escrito da Fundación Galicia Obra Social, relativo á ampliación do prazo da cesión do uso do inmovible destinado ao centro xuvenil do Ensanche.** Dase conta do escrito, que amplía o prazo de cesión do uso do inmovible ata o 31 de decembro de 2017.

**7.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a USC para actividades de educación ambiental.** Dase conta da sinatura do convenio, que ten como obxecto regular a colaboración entre o Grupo de investigación de Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA) e a concellería de Medio Ambiente e Convivencia en actividades culturais, científicas, pedagóxicas, de investigación e outras, relacionadas co medio ambiente e a educación ambiental.

**URXENCIAS**

**1.-Proposta de alcaldía relativa á devolución de fianza da subscripción de póliza de seguro para cobertura dos riscos por responsabilidade civil-patrimonial do Concello de Santiago.** Apróbase a proposta

**2.-Proposta de alcaldía relativa á solicitude de participación no programa "Ler conta moito 2017", da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.** Acórdase solicitar a integración no programa, sendo a achega da Secretaría Xeral de Cultura de 3.255 euros (o 75 % do total) e a achega do Concello de 1.085 euros.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación da autorización para a redacción do proxecto modificado das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, Fase II.** Apróbase a proposta, que ten como obxectivo introducir a demolición das terrazas interiores da rúa de San Xoán no proxecto da Fase II de Vista Alegre.